

## ACTA

Expediente núm.:

XGL/2019/18

Órgano colexiado:

A Xunta de Goberno Local

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xullo de 2019
Duración	Desde as 13:52 ata as 13:58 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	FATIMA ABAL ROMA
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cruz Leiro Peña e D. Constantino Cordal Rodríguez.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (XGL/2019/17 - 24 - xullo - 2019)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 24 de xullo de 2019, e téndose detectado un erro material ó figurar o expediente 3887/2018 a nome de Paula Padín Charlín, cando de acordo co seu D.N.I. é P██████████ C██████████ P██████████, procede efectuar as correspondentes rectificacións, en base ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, LPACAP de 01.10.2015.

Na súa consecuencia a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación á referida acta, quedando redactado o seu punto 4º do seguinte xeito:

**Corrección material de erro.- 4.- Expediente 3887/2018. SUBVENCIÓN DE REHABILITACIÓN PROTEXIDA. BENEFICIARIO: P██████████ C██████████ P██████████.**

Vista a proposta da Alcaldía, de data 15/07/2019, na que se recolle que: "Visto o Informe-Proposta emitido polo Técnico Municipal de Patrimonio Cultural, coa conformidade do Arquitecto Municipal, de data 30 de maio, de outorgamento de subvención a P██████████ P██████████





Clasificación por importe de 12.735,23 €, no marco do Acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2017, asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cambados, para o financiamento da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Conxunto Histórico de Cambados.

Visto o informe da Interventora municipal de data 10/07/2019, no que se emite reparo suspensivo -n.º 66/2019- por omisión de trámites e requisitos esenciais.

Visto que por Decreto Nº 2019-0781 de data 10/07/2019 resolveuse a discrepancia e levantouse o reparo da Intervención.

Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Outorgar a P. [redacted] C. [redacted] con DNI. nº [redacted], unha subvención por importe de 12.735,23 € para a actuación no inmovible sito en RUA HOSPITAL 32, recoñecendo a obriga con cargo a aplicación orzamentaria 1522/78000.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada, de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente Acordo ao departamento de Intervención-Tesourería para anotación contable e efectividade do acordado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Outorgar a P. [redacted] C. [redacted] con DNI. nº [redacted], unha subvención por importe de 12.735,23 € para a actuación no inmovible sito en RUA HOSPITAL 32, recoñecendo a obriga con cargo a aplicación orzamentaria 1522/78000.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada, de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente Acordo ao departamento de Intervención-Tesourería para anotación contable e efectividade do acordado.

## 2.- Expediente 1222/2019. Plans Estratéxicos de Subvencións.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DA CONVOCATORIA 2019 DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DE CAMBADOS

Dasé conta do Informe-Proposta asinado polo Arquitecto Municipal e polo Técnico Municipal de Patrimonio Cultural, con data 29/07/2019, no que se recolle o seguinte:

"Na data de 02/04/2019 aprobouse por Resolución de Alcaldía (Decreto 2019-0366) as bases reguladoras da Convocatoria 2019 de axudas económicas a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana de Cambados.

O prazo máximo para a execución das actuacións e a achega da documentación por parte dos solicitantes concorrentes nesta convocatoria está fixado para o 30 de agosto de 2019 (capítulos 5º e 6º das Bases), en base ao punto 3 do texto da <<Adenda para a modificación dos acordos da comisión bilateral relativos ás ARRUS na Comunidade Autónoma de Galicia>> no que se sinala que "nestas actuacións, as CCAA poderán resolver a concesión de axudas ata o 1 de outubro de 2019".

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0021 Data: 07/08/2019



Cod. Validación: [redacted] | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal>  
Documento electrónico de acceso a información pública. I.D. 15/2013



En datas recentes recibíuse un escrito do IGVS aclarando que "as actuacións en fase de execución poderán executarse e xustificarse ante as Áreas Provinciais do IGVS ata o 31/12/2019" (este escrito obra no expediente do Concello).

En base a isto último, e tendo en conta o estado actual dos expedientes, consideramos necesario ampliar o prazo disposto inicialmente nas Bases reguladoras, co fin de posibilitar a tramitación de todos os permisos necesarios para as actuacións e outorgar aos solicitantes un prazo maior para a súa completa execución.

**PROPOSTA.**- Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do Acordo de ampliación do prazo de execución das actuacións e da entrega da documentación requirida aos solicitantes, fixando un novo prazo ata o 15 de novembro do 2019, modificando o punto 5 do capítulo 6º das Bases reguladoras, que quedaría redactado do seguinte xeito: <<As actuacións incluídas no expediente de rehabilitación protexida deberán estar totalmente rematadas e toda a documentación sinalada no punto 4) do capítulo quinto deberá ser achegada ata a data límite do 15 de novembro de 2019>>".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

**PRIMEIRO.**- A ampliación do prazo de execución das actuacións e da entrega da documentación requirida aos solicitantes, fixando un novo prazo ata o 15 de novembro do 2019, modificando o punto 5 do capítulo 6º das Bases reguladoras, que quedaría redactado do seguinte xeito: <<As actuacións incluídas no expediente de rehabilitación protexida deberán estar totalmente rematadas e toda a documentación sinalada no punto 4) do capítulo quinto deberá ser achegada ata a data límite do 15 de novembro de 2019.

**SEGUNDO.**- Dar traslado do presente acordo aos referidos técnicos e os departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para o seu coñecemento e cumprimento, debendo publicarse anuncio de modificación no Boletín Oficial da Provincia.

### 3.- Expediente 77/2017. Licenza urbanística.- Parcelación en Avda. de Vilagarcía (Promotora: Mª ~~Carmen Galván S...~~)

1. PETICIONARIA: Mª del C ~~...~~ S ~~...~~
  2. LUGAR DAS OBRAS: Avenida de Vilagarcía nº 23 (Cambados)
  3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 77/2017
  4. DATA DA SOLICITUDE: 21.03.2017
  5. OBXECTO DA OBRA: Licenza de Parcelación
- Consta proxecto de segregación redactado polos Arquitectos Margarita González Adán e Alejandro Costas Falcón  
Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 16.05.2018  
Emitíuse informe do Arquitecto Municipal de 03.04.2017, favorable  
Consta informe de Secretaría, favorable, de 07.05.2019  
De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda,  
Conceder licenza municipal de parcelación a Mª del C ~~...~~ S ~~...~~ na Avenida de Vilagarcía nº 23 (Cambados) de acordo co proxecto de segregación redactado polos Arquitectos Margarita González Adán e Alejandro Costas Falcón.

Outros datos do expediente:





Clasificación urbanística do solo: Solo urbano. De transición a bloque de casas

**Parcelas de Oríxe (Matriz) 5478908NH1057N0001DT**

Oeste: Rúa Carreira

Este: Avda. de Vilagarcía

Sur: Finca propiedade dos Herdeiros de Juan Antonio B...

Norte: Finca propiedade de D. Juan Antonio G...

**Edificacións**

Na parcela atopanse dúas edificacións.

A edificación destinada a galpón, con frente á Rúa Carreira, se atopa en situación de fora de aliñación e polo tanto fora de ordenación xenérica conforme ás NN.SS.MM. de Cambados e en situación de fora de ordenación con total incompatibilidade co planeamento por atoparse atravesada polas alineacións dun vial.

Superficie: 545,38 m<sup>2</sup>

Parcelas resultantes:

**Parcela A: M<sup>a</sup> del C...**

Oeste: Finca de cesión municipal ampliación de Rúa Carreira

Este: Finca B

Sur: Finca B

Norte: Finca propiedade de D. Juan Antonio G...

**Edificacións**

Na parcela atopase unha edificación.

A edificación destinada a galpón, con frente á Rúa Carreira, atopase en situación de fora de aliñación e polo tanto fora de ordenación xenérica conforme ás NN.SS.MM. de Cambados e en situación de fora de ordenación con total incompatibilidade co planeamento por atoparse atravesada polas aliñacións dun vial.

**Condicións:**

Deberá permitir as luces e as vistas da parcela colindante (finca B) na liña de aliñación interior da edificación, ao obxecto de permitir que a parcela B poida alcanzar o fondo máximo edificable.

Superficie

184,19 m<sup>2</sup>

**Parcela B: M<sup>a</sup> del C...**

Oeste: Finca de cesión municipal ampliación de Rúa Carreira e finca A

Este: Avda. de Vilagarcía

Sur: Finca propiedade de Herdeiros de D. Antonio B...

Norte: Finca Propiedade de D. Juan Antonio G... e finca A

**Edificacións**

Na parcela atopase unha edificación.

Existe unha edificación de carácter residencial con tipoloxía de vivenda familiar de B+1 planta e edificación auxiliar adosada aos lindeiros destinada a garaxe e lavadeiro.

A edificación destinada a galpón, con frente á Rúa Carreira, atopase en situación de fora de aliñación e polo tanto fora de ordenación xenérica conforme as NN.SS.MM. de Cambados e en situación de fora de ordenación con total incompatibilidade co planeamento por atoparse atravesada polas aliñacións dun vial.

**Condicións:**

Deberá permitir as luces e as vistas da parcela colindante (finca A) na liña de aliñación interior da edificación, ao obxecto de permitir que a parcela A poida alcanzar o fondo máximo edificable.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0021    Data: 07/08/2019



Cod. Validación:   
 http://cambados.sedelectronica.gal/   
 Documento con firma electrónica válida e verificable mediante a seguinte URL:   
 http://cambados.sedelectronica.gal/



Superficie  
339,82 m<sup>2</sup>

**Parcela C: Concello de Cambados**

Oeste: Rúa Carreira

Este: Finca A e Finca B

Sur: Finca propiedade de Herdeiros de D. ~~Antonio B...~~

Norte: Finca Propiedade de D. ~~Juan Antonio Galván S...~~ e finca A

**Edificacións:**

Na parcela atopase unha edificación.

A edificación destinada a galpón, con frente á Rúa Carreira, atopase en situación de fora de alifianción e polo tanto fora de ordenación xenérica conforme as NN.SS.MM. de Cambados e en situación de fora de ordenación con total incompatibilidade co planeamento por atoparse atravesada polas alifiancións dun vial.

**Condicións**

Deberá permitir as luces e as vistas da parcela colindante (finca A) na liña de alifianción interior da edificación, ao obxecto de permitir que a parcela A poida alcanzar o fondo máximo edificable.

Superficie:  
21,37 m<sup>2</sup>

A edificación ubicada nas parcelas resultantes "A" e "C" queda en situación de fóra de ordenación e só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente (debendo constar á renuncia ao incremento do valor expropiatorio, nese caso)

**Condicións:**

A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

**4.- Expediente 3899/2017. Licencia Urbanística.- Vivenda unifamiliar en Bouza do Rei - Oubiña (Promotor: ~~Santiago Néñez Pastor~~)**

1. PETICIONARIO: ~~Santiago Néñez Pastor~~
2. OBXECTO DA OBRA: Vivenda unifamiliar con piscina
3. LUGAR DAS OBRAS: Bouza do Rei (Oubiña)
4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 287/2017
5. DATA DA SOLICITUDE: 09.10.2017

Consta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar con piscina redactado polo Arquitecto Francisco Galiñanes Chaves visado o 24.05.2018

Dirección de Obra: Francisco Galiñanes Chaves (Arquitecto) e Mirián Abal Abal (Arquitecto Técnico)

Consta autorización do Servizo de Mobilidade da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra (Expediente nº 2018002376)

Constan informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 24.01.2018 e do Técnico Municipal de Patrimonio Cultural de 12.04.2018

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 14.12.2018, favorable

Informe de Secretaría, favorable, de 29.07.2019

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade



dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a ~~Santiago Núñez Peña~~ para vivenda unifamiliar no lugar de Bouza do Rei (Oubiña) de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Francisco Galifianes Chaves visado o 24.05.2018

**Outros datos do expediente:**

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 7: Solo non urbanizable dos núcleos rurais tradicionais
- b) Orzamento: 87.000 €
- c) Ocupación: 17,62 % < 30%
- d) Parcela: 1228,49 m<sup>2</sup> > 600m<sup>2</sup>
- e) Altura: 2,50 m < 7.00 m
- f) Uso: Residencial
- g) Superficie de cesión: 128,15 m<sup>2</sup>

**Condições:**

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

- a. Cumpriranse as condicións impostas polas autorizacións da Deputación Provincial Expediente 2018002376.
- b. Cumpriranse as condicións de conexión aos servizos públicos de auga e saneamento municipal. Aportaranse co proxecto de execución.
- c. Non se poderán iniciar as obras sen a autorización da Deputación provincial para o peche da parcela e se deberá observar o cumprimento das condicións que impoña o seu servizo de estradas.
- d. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do Arquitecto D. Francisco Galifianes Chaves e a Arquitecta Técnica Dona Mirian Abal Abal.
- e. O Coordinador de Seguridade e Saúde será a Arquitecta Técnica Dona Mirian Abal Abal.
- f. Se executarán os peches conforme ás ordenanzas das NN.SS.MM. e a Lei do solo de Galicia e o plano U02M con data de visado colexial do 01/08/2018.
- g. Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e constructor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- h. Non se poderán iniciar as obras sen a presentación do correspondente proxecto de execución axustado ao proxecto básico autorizado.
- i. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.
- j. Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia selada idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- k. As obras se axustarán estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- l. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:
  - \* Iniciación, dentro dos 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
  - \* Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prórroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
  - \* Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- m. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- n. En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean rematadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeiraira



Ocupación ou utilización, xuntando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

o. A conexión aos servizos municipais previamente á súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular da vía á que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.

p. En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización ao organismo titular da vía.

q. Se deberá entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética do edificio terminado.

r. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.

**5.- Expediente 1577/2019. Comunicación previa.- Construcción de galería e reparación de lucernario en Rúa Os Olmos, 21 (Promotor: J. Ramón D. P.)**

Rfª Catastral: 5667904NH1056N

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 24/06/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**6.- Expediente 2369/2019.- Comunicación previa.- Peche de finca en Couto de Arriba - Castrelo (Promotor: J. M. O.)**

Rfª Catastral: 5623102nh1052S0001PB - 5623104NH1052S0001TB

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 28/06/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**7.- Expediente 2789/2018. Comunicación previa.- Retello de vivenda e alpendre en Tragove, 11 - Corvillón (Promotora: Mª J. B. S.)**

Rfª Catastral: 5188805NH1058N0001KX

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 24/04/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

**8.- Expediente 5120/2018. Comunicación previa.- Canalización RBTS en**





## Serantellos - Castrelo (Promotor: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.)

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 26/04/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0021    Data: 07/08/2019



Cod. Validación:  | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal>  
Procedemento:  | Dirección: 